CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Cita algunha das fontes empregadas que gozan de certa fiabilidade		
CA3.2 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a información científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa xeometría presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	Mostra unha actitude positiva ante o retos académicos e asume o erro como unha oportunidade para a mellora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Estimación, relacións e conversións: toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida. - Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. <ul style="list-style-type: none"> - Descrición de figuras planas e tridimensionais e os seus elementos característicos. - Clasificación das figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
11	A enerxía.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valora a contribución da ciencia na procura de tecnoloxías que permitan un mellor aproveitamento da enerxía.	PE	55
CA8.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.	Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes.		
CA8.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada.		
CA8.3.1. - Construír circuitos eléctricos sinxelos interpretando o significado das magnitudes eléctricas.	Construír circuitos eléctricos sinxelos.		
CA8.5.1. - Valorar a importanciada enerxía na vida cotiá, identificando as diferentes fontes, comparando o seu impacto medioambiental e recoñecendo a importancia do aforro enerxético nun desenvolvemento sustentable.	Valorar a importanciada enerxía na vida cotiá.		
CA8.6 - Analizar e interpretar información científica, e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Analizar e interpretar información científica, e matemática presente na vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpreta con certa corrección e razoamento os resultados do proxecto proposto	TI	45
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organiza a información científica dun xeito claro e estruturado cun formato aceptable.		
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asume con responsabilidade a súa función dentro do proxecto científico proposto analizando criticamente a súa contribución		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprende dun xeito maiormente correcto o proxecto científico proposto.		
CA8.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostra unha actitude positiva ante o retos académicos e asume o erro como unha oportunidade para a mellora		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos	Baleiro	0
CA8.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.			
CA8.5 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente e a protección dos seres vivos da contorna, con desenvolvemento sustentable e a calidade de vida.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Elaboración de hipóteses.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comprobación mediante experimentación. - Análise e interpretación de resultados. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. - Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos simples. - O aforro enerxético e a conservación sustentable do medio ambiente. - Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
12	A paisaxe	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA11.1 - Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe, investigando o relevo en Galicia e observando a paisaxe próxima.	Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe.	PE	70
CA11.2 - Clasificar os riscos, empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos.		
CA11.3 - Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas.		
CA1.2 - Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Participa en actividades do laboratorio empregando os instrumentos e ferramentas dun xeito adecuado.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpreta con certa corrección e razoamento os resultados do proxecto proposto		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostra unha actitude positiva ante o retos académicos e asume o erro como unha oportunidade para a mellora		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Xeomorfoloxía externa. - Axentes, procesos e factores que condicionan o modelado do relevo. - Riscos naturais. - Definición e clasificación. - Riscos xeolóxicos externos. - Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
13	Estatística.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando ferramentas estatísticas para interpretar os datos e a información achegados.	PE	80
CA6.3 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Identificar a información científica e matemática presente na vida cotiá relacionada coa estatística, mantendo unha actitude crítica.		
CA6.2 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunica as respostas a problemas estatísticos de forma clara.	TI	20
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	Mostra unha actitude positiva ante o retos académicos e asume o erro como unha oportunidade para a mellora		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características dunha poboación. - Formulación de preguntas adecuadas. - Estratexias de recollida de datos. - Organización dos datos: frecuencias e táboas de frecuencia. - Medidas de centralización e dispersión. - Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. - Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. - Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións...). - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables estatísticas en contextos cotiáns. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para o desenvolvemento desta materia, seguirase a seguinte metodoloxía:

- As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web.
- Intentarase achegar os contidos á realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, materiais e reactivos

dispoñibles no laboratorio do centro ou caseiros.

- Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento o máis personalizado posible.
- Coa metodoloxía aplicada tentarase contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitálo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).
- O ámbito Científico-Tecnolóxico está secuenciado en 13 unidades didácticas que se van intercalando e nas que se desenvolven as tres materias constituíntes (Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química). Ademais, consta dunha primeira unidade didáctica que será impartida de maneira transversal ao longo de cada unha das 12 unidades didácticas restantes.
- Dada a plasticidade do ámbito o profesor poderá dar simultaneamente as UD's dedicándolle un peso proporcional semanal/trimestral conforme ás sesións que figuran en PROENS.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe téñense que asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

- 1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos teñen que ser quen de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
- 2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polo alumnado cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.
- 3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.
- 4º: Aprendizaxe mediante o emprego das novas tecnoloxías. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumna/o, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesma/o e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro da/o alumna/o.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs co emprego activo de Edixgal, a proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: - Xornais, textos para o tratamento e a ampliación de información, táboas e gráficas , rúbricas.
Materiais Visuais: Pizarra e rotulador/xiz para as explicacións e exposicións.
Novas tecnoloxías: Panel interactivo, aplicacións web como YouTube, ferramentas de presentacións como PowerPoint e aparellos tecnolóxicos como canón de proxección como axuda para as explicacións.
Laboratorio de ciencias, biblioteca e recursos independentes do centro (onde terán lugar as posibles actividades complementarias/extraescolares).

- Utilizarase a plataforma de Edixgal, empregando tanto o material xa posto a disposición pola mesma plataforma como o elaborado polo profesor.
- Empregaranse tamén, en ocasións, fotocopias como apoio ás explicacións do profesor/a e á realización de exercicios.
 - O alumnado deberá de contar cun caderno ou carpeta de traballo persoal para facer anotacións e tomar apuntamentos, así como unha calculadora científica
 - Cando sexa oportuno e posible, levarase a cabo o visionado dalgún documental, película, animación ou programa de televisión (Tres14, El escarabajo verde, Órbita Laika, etc.) coa finalidade de fomentar a motivación e afianzar os conceptos.
 - Utilizarase nalgúns momentos diverso material audiovisual: vídeos, presentacións, animacións e/ou simulacións. Estes recursos serán colgados na aula virtual do centro, medio que servirá tamén para comunicación co alumnado en determinados momentos.
 - O taboleiro de clase utilizarase frecuentemente para realizar explicacións e resolución de exercicios.
 - Empregaranse instrumentos de medida e debuxo para a resolución de diversas cuestións nas que sexa necesario. Utilizarase calculadora científica na resolución dos exercicios numéricos.
 - Usarase Internet para desenvolver pequenas investigacións, coa finalidade de buscar información de maneira guiada.
 - En ocasións, será necesario que o alumno/a recompila bibliografía (revistas, Internet, libros de texto ou outros) co fin de desenrolar a capacidade de investigación e amosar a capacidade de sintetizar o material recollido.
 - Farase uso de material de laboratorio no caso de desenvolver algunha práctica experimental ao longo do curso.
 - Ademais dos materiais anteriormente citados, ata o momento pódese empregar calquera outro material que o profesor/a estimara oportuno nun momento dado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para avaliar ao alumno/a levarase a cabo unha análise a través de:

- a. Informes do curso anterior (relacionados: tanto coas competencias acadadas nas distintas áreas coma cos elaborados polo titor) dos que dispoña o profesor-titor.
- b. Observación directa nas distintas sesións da materia e a partir dalgunha proba inicial, onde se analicen:
 - Lectura de textos: Comprende o que le.
 - Expresión oral: Exprésase con fluidez, facéndose entender.
 - Expresión escrita: Respecta a convención ortográfica. Elabora un texto de forma organizada, mantendo a coherencia e a cohesión das ideas, e respectando os criterios de corrección.
 - Comprensión oral-escrita: Distingue as ideas principais das secundarias. Resume e esquematiza un texto.
 - Razoamento lóxico e matemático: Ante unha situación problemática, segue un proceso de razoamento lóxico para resolvela e, ademais, é capaz de extraer conclusións.
 - Integración social: Relaciónase adecuadamente cos seus compañeiros/as e profesores/as, así como cos demais membros da comunidade educativa.
 - Actitude ante o estudo: Traballa con regularidade e de forma organizada. Participa activamente no desenvolvemento das clases. Asiste ao centro de forma continua e cumpre co horario escolar.

Unha posible valoración (de 1 a 4) dos puntos antes citados poderán obedecer á seguinte clave xenérica:

1. Grao de dominio baixo e con dificultades de aprendizaxe.
2. Grao de dominio baixo, pero apréciase motivación e actitude positiva.
3. Grao de dominio suficiente.
4. Grao de dominio alto.

Os resultados obtidos permitirán:

- a. Adoptar medidas de atención á diversidade.
- b. Adaptar as actividades ao alumnado.
- c. Xunto con dinámicas de coñecemento do grupo, organizar a aula de maneira que o alumnado poida traballar de maneira cooperativa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	10	7	7	10	8	7	7	8	7
Proba escrita	35	50	55	65	95	40	55	50	50	75
Táboa de indicadores	65	50	45	35	5	60	45	50	50	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	7	7	100
Proba escrita	55	70	80	60
Táboa de indicadores	45	30	20	40

Criterios de cualificación:

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

1. TRABALLOS (participación nas sesións, realización de tarefas, prácticas de laboratorio, proxectos de investigación e exposicións) cuxa cualificación resultará da aplicación de táboas de indicadores (TI) tendo un peso dun 40%.
 - a. Trabajo diario. A súa valoración levarase a cabo mediante a observación directa das tarefas propostas, exposición de dúbidas, participación construtiva durante as sesións (dentro da aula ou o realizado na casa) e a revisión periódica dos cadernos de traballo, a través de rúbricas, e recollendo a información na ficha de cada un dos/as alumnos/as.
 - b. Práctica de laboratorio. Valorarase cada un cunha nota de 0 a 10, ponderándose logo ao seu correspondente peso para cualificar a avaliación. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. De facerse máis dunha práctica no trimestre, será o resultado da media. Valoraranse aspectos como a adquisición de conceptos, o plantexamento do problema, a emisión de hipóteses, o deseño de experimento, a observación, a toma de datos, o manexo de aparellos, a comunicación, a discusión do resultado, etc. No caderno de traballo do alumno/a valorarase a organización de contidos, vocabulario, gráficos, síntese, expresión ordenada, presentación, marxes, titulacións correctas, realización e corrección das tarefas propostas para casa, anotacións ou apuntamentos que colla o alumnado, tanto nas explicacións das diferentes unidades como nas prácticas de laboratorio, posta ao día do caderno, ...

c. Proxecto de investigación (individuais ou colectivos): Asignaráselle a cada un unha nota de 0 a 10 valorando entre outros aspectos:

1. Redacción, síntese e esquematización de contidos (axustados ao nivel académico, obtidos de fontes fiables e con sentido crítico).
2. Posta en escena (postura corporal, ton de voz, ...).
3. Emprego de elementos multimedia
4. Orixinalidade.
5. Respostas a preguntas formuladas

Na nota de cada proxecto, un 30% correspondera ao documento producido e do 70% restante correspondera á súa presentación ou exposición.

* Os traballos copiados literalmente de páxinas web ou non entregados no prazo que se estableza, sempre e cando non houberse unha causa xustificada, puntuaranse cun 0.

* Nesta parte de Traballo, o alumno/a non deberá estar cualificado en ningún dos apartados cunha nota inferior a 3,0 sobre 10, para que se poida facer media cos restantes apartados, xa que nese caso o trimestre se considerará non superado.

* O apartado do "Traballo diario" terá un peso dun 10% dentro do 40% correspondente a parte de "Traballos". Os outros dous apartados "Práctica de laboratorio" e "Proxecto de investigación" terán o peso que se especifique no enunciado de cada un deles dentro de este 30% restante atendendo a número de contidos e destrezas a desenvolver así como a súa dificultade. No caso de que nalgún trimestre non se realizarán Prácticas de laboratorio a súa porcentaxe sumarase aos Proxectos de investigación, ou viceversa.

* Se por circunstancias excepcionais e sobreviñidas non fora posible realizar ou revisar traballos, o seu peso na determinación da nota da avaliación pasaría a parte da proba escrita, de xeito que esta última pasaría a ter un peso do 100%.

2. PROBAS ESCRITAS (PE): Realizaranse unha ou máis probas escritas por avaliación (cualificada cada unha de 0 a 10), segundo a situación de cada grupo, tendo en conta o seu nivel académico, o número de contidos traballados, e os criterios do profesorado. De acordo con estes criterios o número de probas poderá variar, porén, sempre que sexa posible faranse como mínimo dúas probas escritas en cada avaliación. Calcularase a media aritmética das notas acadadas en cada proba, sendo esta media posteriormente ponderada ao seu correspondente peso (60%) para a cualificación da avaliación.

Cada proba poderá incluír cuestións escollidas entre as seguintes preguntas tipo, tendo en conta cales se adecúan máis aos contidos a avaliar:

- Definicións
- Preguntas de Verdadeiro-Falso nas que razoar e/ou corrixir a resposta
- Preguntas tipo test nas que razoar a resposta
- Cuestións breves para razoar relacionando conceptos
- Preguntas de diferenzas e semellanzas
- Interpretación ou elaboración de debuxos, figuras, gráficos, esquemas...
- Preguntas de relacionar con frechas columnas de termos
- Interpretación de textos
- Interpretación de fenómenos cotiás.
- Resolución de problemas (valorarase tanto se o plantexamento é lóxico coma se o resultado é correcto).

Outras consideracións importantes a ter en conta para as probas escritas:

- Se se sorprende a un alumno/a copiando nunha proba, asignaráselle un 0 nela.
- O alumnado que non puidera realizar unha proba na data prevista deberá xustificar a falta, e o profesor aceptar a xustificación, a través do mecanismo establecido no centro para poder facer o dito exame en outra data diferente á programada. O alumno/a que non xustifique a falta, examinarase na recuperación da avaliación correspondente
 - Serán cualificadas cunha nota numérica comprendida entre 0 e 10. As cuestións, problemas e calquera outra actividade que forme parte destes instrumentos terán unha puntuación que será múltiplo de 0,05.
 - Os alumnos e alumnas serán informados previamente da puntuación asignada a cada unha das actividades, de forma oral, ou ben, reflectida no documento que constituía a proba escrita.

Neste apartado de Probas escritas, o alumno/a non deberá estar cualificado en ningunha delas cunha nota inferior a 3,0 sobre 10, para que se poida facer media cos restantes apartados, xa que nese caso o trimestre se considerará non superado.

A nota de cada avaliación virá determinada por: $\text{Nota Avaliación} = T \cdot 40\% + PE \cdot 60\%$

A nota final en xuño obterase a partir da media aritmética das tres avaliacións. Para considerar a materia superada, a nota de cada unha das tres avaliacións deberá ser como mínimo dun 5. O redondeo á alza dunha nota farase a partir dunha compoñente decimal de 0,6

As probas de recuperación (ver apartado de criterios de recuperación) terán lugar, de forma estimada nas dúas primeiras semanas da seguinte avaliación e cara o final do período lectivo. :

A sesión de avaliación final realizarase a partir do día 21 de xuño de 2024 conforme ao calendario escolar establecido pola Consellería de Educación antes do comezo deste curso.

*Alumnado non presencial por atención domiciliaria ou outras causas de forza maior: Os instrumentos de avaliación a empregar serán os mesmos que no apartado presencial, coa salvedade de que, se o alumno/a ten que quedar no seu domicilio durante un tempo moi amplo, entón os TRABALLOS avaliaríase mediante a realización das actividades de aula na súa casa, tendo estas que ser entregadas en tempo e forma pola aula virtual. De non poder o alumno/a tampouco facer as probas escritas presencialmente durante un tempo dilatado, este podería realizalas mediante a aula virtual. Os instrumentos de avaliación serían similares tamén no caso de ser necesaria recuperación: de ser o caso, as actividades e/ou probas terían que realizarse e entregarse, en tempo e forma, a través da aula virtual.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non supere algunha avaliación, esta poderá ser recuperada ao finalizar cada un dos trimestres mediante a realización dunha proba escrita baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación. e a realización de traballos (que poderán ser os mesmos que os exixidos na avaliación non superada o diferentes). Deste xeito a proba escrita terá un peso do 60% e o traballo dun 40%. A nota mínima da proba, e do traballo deberá ser dun 4,00 para facer media, debendo acadar a media resultante como mínimo un 5 para considerarse superada.

No caso de que na avaliación correspondente, o/a alumno/a teña superada o apartado de TRABALLOS, entón soamente realizarán unha proba escrita, tendo esta última un peso do 60% e as cualificación dos traballos un 40%, Cando unha/un alumna/o teña soamente unha avaliación suspensa cunha nota igual a 4, e o profesor o considere pertinente conforme a súa evolución, este poderá superar a materia sempre e cando teña as outras dúas avaliacións superadas, e a media aritmética das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.

No mes de xuño, cara ao final do curso cando unha/un alumna/o teña dúas ou tres avaliacións suspensas, deberá:

- Realizar unha proba final estruturada por avaliacións, efectuándose esta ao longo do mes de xuño antes do día de finalización das clases. A mencionada proba cualificarase de 0 a 10 puntos (NP para os que non se presenten a ela), e constará de diversas cuestións relacionadas cos contidos do curso, tendo que o alumno/a realizar as relativas á/s avaliación/s pendente/s, que serán indicadas polo docente. Para facer media, será necesario ter un mínimo dun 4 na proba.

- Realización de traballos, para aquel alumnado que non superou este apartado na avaliación correspondente, (cualificación inferior a un 3), que poderán ser os mesmos que os exixidos na avaliación non superada o diferentes, xunto con actividades que axudarán a preparar a recuperación das avaliacións suspensas debendo estas estar correctamente presentadas e elaboradas

A cualificación en xuño determinarase, para o alumnado coa materia suspensa, do seguinte modo: proba escrita final (60%); traballo efectuado nas avaliacións ou esixidos no mes de xuño (40%).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que teña materias pendentes, realizarase un seguimento individualizado a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo.

Ao tratarse dun programa de diversificación curricular, atendendo ao recollido no apartado 10 do artigo 10 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa: "O alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa seguirá un plan de reforzo que lle permita recuperarlas ao longo do desenvolvemento del. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas cando se supere o ámbito correspondente, Considérase que no caso de que haxa alumnado coas materias de bioloxía, matemáticas, e física e química pendentes serán superadas se se supera o ámbito científico-tecnolóxico.

6. Medidas de atención á diversidade

Para todo aquel alumnado que presente maior ritmo de aprendizaxe están previstas fichas de actividades de ampliación. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos. No escenario COVID ou por outra enfermidade: Tendo en conta as características do alumnado que necesite ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, e ao Protocolo de Atención a dito alumnado establecido pola Consellería de Educación, adaptaranse non só os instrumentos de avaliación senón que se flexibilizarán (sempre que sexa posible atendendo a características como o calendario de avaliación) os prazos de entrega tanto presenciais como telemáticos. Do mesmo xeito, atendendo ao alumnado que presenta dislexia, flexibilizaremos os criterios de ortografía establecidos polo departamento atendendo ao Protocolo da Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X		X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X			X		X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X		

Observacións:

Se ben, segundo o decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria, todos os aspectos que constitúen os elementos transversais do currículo poden ser tratados transversalmente dentro da propia materia, é dicir, estar distribuídos ao longo de todas as unidades e non nalgunha en concreto, hai algúns deles que especialmente se abordarían en certas unidades didácticas e así aparecen.

Cabe salientar, que o emprego de Edixgal no desenvolvemento do ámbito científico-tecnolóxico vai a contribuír en gran medida a competencia dixital, o constituír unha ferramenta de estudo, traballo, investigación, comunicación con semellantes e co profesorado, ...

Ademais, cos traballos de investigación que se levarán a cabo especialmente nas unidades U6 -Funcionamento do corpo humano, U9 - Saúde e enfermidade e U11 - A enerxía, fomentarase o espírito crítico en relación con algúns dos principais problemas aos que se enfronta a sociedade actual, resaltando o importante papel da ciencia na búsqueda de unha solución.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Posíbeis actividades a realizar no curso.	Ao longo do curso poderanse realizar varias actividades complementarias referentes á Física e a Química, ás Matemáticas e a Bioloxía, tanto dentro como fóra do centro, como, por exemplo: Visitas culturais a museos, exposicións, semanas da ciencia, etc. Visitas a empresas cuxa actividade estea dentro do ámbito científico-tecnolóxico. Visitas a parques naturais da comunidade e a aulas da natureza. Saídas ao campo en coordinación coa Concellería de Medio Ambiente do Concello para realizar distintos tipos de actividades. Videofórum de películas que traten temas relacionados coa Ciencia. Visitas dalgúns científicos ou científicas ao centro, co fin de achegarlle ao alumnado a investigación científica actual.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Propoño situacións introdutorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas...).
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, o que é mais importante).
Propoño actividades que aseguran a adquisición das aprendizaxes previstas e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Propoño ao meu alumnado actividades variadas.
Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que o alumnado realice na clase.
Comprobo, de diferentes modos que o alumnado comprendeu a tarefa que deben realizar.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado.
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Fomento o respecto e a colaboración entre as/os alumnas/os e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases, como para as actividades de aprendizaxe.
Reviso e corrijo as actividades propostas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación.
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino aprendizaxe.
Coordínome cos outros profesionais para modificar e/ou adaptar os contidos, actividades, metodoloxía e recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

Graduación en 4 niveis, de 1-moi baixo a 4-moi alto

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

É imprescindible ter en conta que todo é susceptible de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Xa durante o curso académico, o docente debe detectar o grao en que os alumnos/as adquiren os contidos e os posibles fallos ou defectos da programación (desmotivación significativa da aprendizaxe, interese por outros aspectos menos tratados, ...). Así, aínda sendo a programación un instrumento que se elabora con vontade de permanencia no tempo, a necesidade de evitar que se reduza a mero formalismo burocrático, co fin de determinar a súa utilidade e validez e introducir os cambios e reelaboracións que se consideren necesarias, implica un proceso de avaliación continua.

Converter a programación nun instrumento útil e eficaz para a xestión e organización da práctica pedagóxica que dea

resposta e desenvolva as finalidades educativas marcadas para un curso, esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Neste sentido, o plan de avaliación da programación non é a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo. Aínda que o programación é un instrumento indispensable para dar coherencia ao funcionamento dun curso, a súa elaboración é progresiva e lenta, tanto polas características da mesma, como pola necesidade de que as propostas e decisións que a integran sexan realmente compartidas por todos os docentes da área; isto implica que a súa avaliación ha de posuír as características de proceso progresivo, constituíndo un desenvolvemento esencialmente autoavaliador.

O grao de coherencia interna entre as accións emprendidas e os distintos elementos da programación, a súa continuidade no tempo, a súa aplicación á realidade, etc. deberán ser valorados en si mesmos. Así serán obxecto de avaliación: os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, criterios de avaliación, secuencia de unidades didácticas, etc.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino (escala de 1-máis baixo ao 4-máis alto):

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores para valorar a práctica docente (escala de 1-máis baixo ao 4-máis alto):

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Unha vez recollidos os resultados a modo de aspectos positivos e aspectos mellorables, estableceranse propostas de mellora, concretando accións e actividades que se levarán a cabo así como modificacións na temporalización e metodoloxía de ser necesarios.

Por outra banda, na memoria fin de curso, reflectiranse os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela.

9. Outros apartados